

Chapela, 2 de abril de 2020

En resposta ao escrito dirixido polo alumnado do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia Modular, recibido no noso correo electrónico o 2 de abril, no que manifesta a súa desconformidade polos acordos tomados no referente á segunda avaliación pola dirección do IES de Chapela, esta dirección quere facer chegar ao alumnado asinante as seguintes consideracións:

1º Agardamos que nestes momentos de crise a vós e aos vosos seres queridos vos acompañe a saúde e a afouteza.

2º A dirección do centro non tomou en ningún momento a decisión de non avaliar a 2ª avaliación, só deixa en mans do profesorado que introduza unha nota numérica se ten indicadores de avaliación suficientes para facelo, ou deixe a nota pendente de cualificación se non os ten. Con isto formalízase o peche da avaliación do segundo trimestre, instrución dada pola Consellería de Educación.

3ª Os contidos da 2ª avaliación que foron avaliados, por suposto, considéranse xa avaliados. Isto inclúe exames, traballos ou tarefas realizadas aínda que non se entregasen corrixidas polo profesorado, xa que a súa recepción produciuse antes da declaración do estado de alarma. Todo o desenvolvido no 2º trimestre, actividades, tarefas diarias de clase, asistencia, actitude... ata a suspensión das clases o 13 de marzo, está rexistrado polo profesorado e en nada perde o seu valor independentemente de que se exprese ou non por medio dunha nota numérica nas cualificacións da 2ª avaliación. Daqueles contidos do 2º trimestre que foron impartidos presencialmente antes da declaración do estado de alarma, e que non foron obxecto de avaliación, estamos agardando instrucións desde inspección educativa por se nun futuro deberían ou non ser avaliábeis.

4ª Os contidos e actividades que desde a declaración do estado de alarma está a desenvolver o profesorado, contribúen a continuar o proceso formativo do alumnado, pero non son avaliábeis mentres a Consellería de Educación non comunique o contrario.

5ª O desexo expresado por esta dirección de que con carácter extraordinario se introduce un curso con dúas avaliacións no que se puxese a atención en como desenvolver esa última, é simplemente iso, un desexo, e un xeito de entender o proceso de ensino aprendizaxe como un proceso continuo, guiado pola evolución do alumnado ao longo de todo o curso. Un proceso no que avaliar é ter en conta o traballo diario, asistencia, actitude,... e non só a nota dun exame. Tamén un modo de interpretar a nota final, única oficial, como un compendio de todo o traballo realizado nun curso académico. Lembramos de novo que as cualificacións da 1ª e da 2ª avaliacións teñen un carácter orientativo de cara á final.

6ª Esta dirección valora o esforzo do alumnado nesta situación excepcional, e sabe da fenda tecnolóxica existente entre alumnas e alumnos e das dificultades que para moitas e moitos implica esta realidade. Traballamos na medida das nosas posibilidades por xestionar o mellor posible a crise, mantendo informada á comunidade educativa e ofrecendo as solucións e o apoio que está nas nosas mans, á vez que respectando o confinamento que todas e todos debemos observar.

7ª A dirección do IES de Chapela non entra en comparacións coas decisións tomadas por outras direccións de centros educativos, efectuadas ao amparo da súa autonomía pedagóxica e de xestión, cumprindo coas instrucións da Consellería de Educación. Tampouco considera que se estea a acometer un "agravio comparativo" co alumnado do IES de Chapela, acusación que esta dirección observa como totalmente fóra de lugar. Todas as decisións adoptadas, máis acertadas ou menos acertadas, teñen a única finalidade de acompañar ao alumnado nestes momentos e facilitarlle o camiño de cara á finalización do curso.

8ª Somos conscientes de que vivimos unha etapa de inseguridade, e que a comunidade educativa busca certezas que na maior parte dos casos non se poden ofrecer. Si aseguramos que todo o que vaíamos publicando ou comunicando será de fontes fiables. Facemos un chamamento ao alumnado para que en asuntos desta natureza se informe directamente a través da dirección do centro, no teléfono e correo electrónico, e non por medio de redes sociais como *whatsapp*.

Esta dirección agradece o envío do escrito para ser coñecedora desta desconformidade e agarda telo respondido. Recíbide un cordial saúdo, e o desexo de volvernos a ver máis cedo que tarde.

A dirección do IES de Chapela